

REXP recoñecemento
da experiencia
profesional

RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA PROFESIONAL: REXP 2018



ACTO DE ENTREGA DE ACREDITACIÓNS E CERTIFICADOS REXP 2017



NOVO VÍDEO REXP



PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE



- ## OUTROS ESTUDOS E INFORMES:
- PROFESIÓN REGULADAS
 - FICHAS DO MERCADO LABORAL
 - SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCAIS
 - MERCADO LABORAL GALICIA

Recoñecemento da Experiencia Profesional REXP 2018

GALICIA ACREDITA O TEU FUTURO

www.emprego.ceei.xunta.gal

REXP recoñecemento da experiencia profesional

FASE 1: INSCRICIÓN



FASE 2: ASESORAMENTO



FASE 3: AVALIACIÓN



SIMULACIÓNS



ENTREVISTAS



OBSERVACIÓN NO POSTO DE TRABALLO



FASE 4: ACREDITACIÓN



CERTIFICADO OFICIAL



REXP 2018

Publicación da 10ª convocatoria

ORDE do 18 de decembro de 2017 pola que se realiza a convocatoria pública para o ano 2018 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cofinanciado nun 80 % polo FSE con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

DOG núm. 244, do 27 de decembro de 2017

A Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a 10ª Convocatoria do Procedemento REXP: de recoñecemento da experiencia profesional para o ano 2018.

Este procedemento procura facilitar a un grande colectivo de persoas con dificultades de inserción laboral, como é o dos traballadores que carecen dunha cualificación profesional (recoñecida), que, a través dun proceso de asesoramento e avaliación, acaden finalmente unha acreditación oficial, a nivel estatal, da competencia profesional que efectivamente posúen, o que lles abre novas vías para acceder ou progresar no emprego. Incluso nalgunhas cualificacións (a maioría das que se convocan) posuír un certificado de profesionalidade é un requisito necesario para exercer a profesión. Ademais as acreditacións oficiais obtidas teñen efectos de validacións e exencións na FP Inicial e a FP para o Emprego, co que se facilita tamén a formación das persoas, nun proceso de aprendizaxe permanente ao longo da súa vida.

Este procedemento enmárcase dentro do programa operativo FSE Galicia para o período 2014-2020 cofinanciado cun 80% polo FSE.

A 10ª convocatoria publicouse no DOG de 27 de decembro de 2017, comprendía un total de 10 cualificacións profesionais e o número total de prazas convocadas foi de 2.076. Estase a desenvolver ao longo de 2018, finalizando en decembro deste ano.

2.067 prazas

7.700 unidades de competencia

Cualificación profesional	Prazas
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	553
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	435
Servizos para o control de pragas	65
Xestión de servizos para o control de organismos nocivos	50
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	224
Socorrismo en instalacións acuáticas	278
Extinción de incendios e salvamento	162
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural	100
Tanatopraxia	150
Confección e mantemento de artes e aparellos	50

Convocatorias REXP finalizadas: 2011-2017

Resumo de resultados

Nas 9 convocatorias realizadas e finalizadas entre 2011 e 2017 se convocaron un total de **17 cualificacións**. En total ofertáronse **13.877 prazas** (que se lle engadimos as 2.067 de 2018, superaríanse amplamente as 15.000 prazas ofertadas). Nestas 9 convocatorias un total de **28.714** persoas solicitaron participar (máis do dobre das prazas ofertadas). Destas, cumprían requisitos e foron seleccionadas (en función do baremo establecido por tempo de experiencia e formación) aproximadamente a metade, un total de **14.289** persoas. Destas seleccionadas, finalizaron asesoramento e avaliación un total de **12.130** persoas, das que: un 65%: **7.862 persoas xa teñen o seu certificado de profesionalidade obtido a través do REXP** e un 30%: **3.696 persoas obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia**.

Cualificacións profesionais	Prazas convocadas	Solicitudes presentadas	Candidatos Seleccionados	Finalizaron asesoramento e avaliación	Obteñen Certificados Profesionalidade	Obteñen Acreditacións Parciais de Unidades
Atención sociosanitaria a personas no domicilio	4769	10492	5219	4504	3199	1098
Atención sociosanitaria a personas dependientes en institucións sociais	3675	7875	4190	3550	2173	1203
Confección e mantemento de artes e aparellos	470	342	302	292	284	1
Operacións básicas de restaurante e bar	100	141	92	73	73	0
Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial	182	116	53	42	36	6
Soldadura	58	71	66	44	34	9
Cubertas inclinadas (UCs lousa)	50	58	38	36	33	3
Servicios para o control de pragas	508	820	494	397	315	31
Xestión de servizos para o control de pragas	150	251	163	136	92	33
Socorrismo en instalacións acuáticas	1438	3561	1535	1227	545	619
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	1107	2415	1015	880	439	409
Información xuvenil	250	311	199	180	163	17
Transporte sanitario	200	96	42	27	12	14
Tanatopraxia	300	549	326	287	111	155
Aproveitamentos forestais	100	67	35	28	0	26
Extinción de incendios e salvamento	450	1073	450	369	338	30
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio no medio natural e rural	70	476	70	58	15	42
TOTAIS	13.877	28.714	14.289	12.130	7.862	3.696

Acto de Entrega de Acreditacións e Certificados REXP 2017



O día 14 de xullo de 2018, no Pazo de Congressos e Exposicións de Santiago de Compostela, tivo lugar o acto de entrega dos certificados de profesionalidade e acreditacións parciais de unidades de competencia, para todas as persoas que participaron no procedemento REXP: de recoñecemento da experiencia laboral, desenvolvido ao longo do ano 2017, e que demostraron a súa competencia profesional en todas ou parte das unidades de competencia das cualificacións profesionais que se convocaron segundo a orde de 30 de decembro de 2016: atención sociosanitaria, socorrismo, control de pragas e organismos nocivos, tanatopraxia e extinción de incendios urbanos e forestais.

A entrega foi realizada polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco José Conde López, e o Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral, José Alfonso Marnotes González.

A este acto asistiron preto de 800 persoas, entre candidatos que foron recoller os seus certificados e acreditacións, uns 700, e diversas autoridades e representantes do mundo da formación e o emprego relacionados cos sectores produtivos e cualificacións profesionais convocadas.

Para as persoas candidatas que non puideron asistir a este acto de entrega de certificados e acreditacións, dende setembro deste ano téñenos á súa disposición no Instituto Galego de Cualificación (Rúa San Lázaro s/n, Santiago de Compostela), e poden achegarse a recollelos en calquera momento.



Novo Vídeo REXP

No acto de entrega das acreditacións e certificados de profesionalidade da convocatoria REXP 2017 presentouse o novo vídeo sobre o REXP: Recoñecemento da experiencia profesional.

Neste vídeo 3 representantes de 3 empresas de distintos sectores produtivos explican o interese e a importancia que ten para as súas organizacións que os seus traballadores posúan un certificado de profesionalidade que acredita oficialmente o seu bo facer profesional.



E explican tamén a importancia que para os propios traballadores ten obter o recoñecemento e acreditación oficial dos coñecementos e capacidades que foron aprendendo a través da súa experiencia profesional, e moitas veces tamén a través de diversos cursos de formación non oficial..

Esta importancia é especialmente relevante en sectores e ocupacións nos que ter un título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade é un requisito necesario para traballar nas empresas dun sector ou área profesional, porque unha norma de carácter estatal ou autonómico así o establece, como son os casos da atención sociosanitaria, a tanatopraxia e o control de pragas e organismos nocivos, que son os sectores que se mostran no vídeo.

O vídeo foi presentado e está dispoñible na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no espazo dedicado ao REXP:

GALICIA ACREDITA O TEU FUTURO

emprego.ceei.xunta.gal





12ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave

O día 27 de xuño a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral publicou os resultados definitivos da 12ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave (Resolución do 16 de febreiro de 2018, DOG núm. 26 do 26 de febreiro).

Estas probas diríxense ás persoas que non posúen os requisitos de formación básica (ESO para o nivel 2 ou bacharelato para o nivel 3) requiridos para acceder aos cursos asociados aos novos certificados de profesionalidade.

Esta convocatoria reafirma o propósito da Consellería de Economía, Emprego e Industria de fomentar a calidade da formación profesional para o emprego, mellorando o perfil profesional das persoas e motivándoas para progresar no eido do emprego e da formación, co obxectivo final de acadar a inserción profesional no mercado laboral.

Pode consultar toda a información do procedemento de probas de competencias clave no portal de emprego:

<http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-competencias-clave>

Resultados das probas

Houbo 3.571 solicitudes e fixéronse en total 13.558 probas. Como é habitual, as competencias clave máis demandadas foron ás de Matemáticas, Lingua castelá e Lingua galega de nivel 2.

A porcentaxe de aptos sitúase nun 74,97 % para o conxunto das probas de nivel 2 e nun 63,87% nas probas de nivel 3.


COMPETENCIAS CLAVE	NIVEL 2			NIVEL 3		
	PRESENTADOS	APROBADOS	% APROBADOS	PRESENTADOS	APROBADOS	% APROBADOS
Galego	1.701	1.273	74,83	501	307	61,28%
Castelán	1698	1.443	84,98%	518	343	66,22%
Matemáticas	1750	1.283	73,31%	517	362	70,02%
Inglés	985	297	30,15%	397	144	36,27%
TOTAIS	7.101	5.324	74,97%	1.661	1.061	63,87%

PROFESIÓN REGULADAS (actualización outubro 2018)

Análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias profesionais

Neste informe, de revisión permanente, o Instituto Galego das Cualificacións presenta un inventario, así como unha análise pormenorizada que pode servir de información de consulta aos profesionais do emprego e formación que necesiten orientar sobre as formas de obter unha habilitación profesional. Por outra banda, a vinculación existente entre estas habilitacións e a formación adquirida a través dun certificado de profesionalidade xustifica a información engadida, de ser o caso, sobre a relación directa ou indirecta destes coa obtención dunha acreditación para traballar.

Desde o 20 de outubro de 2007, o recoñecemento das cualificacións profesionais permite que o beneficiario poida acceder, no Estado membro de acollida, á profesión para a que estea cualificado e exercela nas mesmas condicións que os nacionais do dito Estado membro cando neste último estea regulada.




FICHAS DO MERCADO LABORAL GALEGO 2018

Datos ano 2017

Análise gráfica da realidade propia da comunidade galega tendo en conta os datos de poboación, contratación e paro rexistrado

FICHA DO MERCADO LABORAL GALEGO

Estudo polo miúdo do mercado laboral na Comunidade Autónoma de Galicia, achegando datos de poboación, paro rexistrado e contratación.



FICHAS DOS COLECTIVOS NO MERCADO LABORAL GALEGO

Información sobre as variables básicas do mercado laboral nos colectivos de mulleres traballadoras, menores de 30 anos, maiores de 54 anos e estranxeiros.



FICHAS PROVINCIAIS DO MERCADO LABORAL GALEGO

Información estruturada en fichas que proporciona datos de poboación, paro rexistrado e contratación das catro provincias galegas.



FICHAS COMARCAIS DO MERCADO LABORAL GALEGO

Estudo pormenorizado do mercado laboral galego nas 53 comarcas da Comunidade Autónoma de Galicia.





Este estudo persegue dar a coñecer a situación e a evolución do mercado de traballo galego nos distintos ámbitos territoriais co fin de comprobar cales son as ocupacións máis representativas e proporcionarlles esa información aos profesionais do emprego, da formación e da orientación laboral.

COMARCA DA BARBANZA

SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCAIS

20 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MELLORES PERSPECTIVAS LABORAIS

>> OCUPABILIDADE LABORAL MOI ALTA:

- Traballadores das industrias do peixe
- Camareiros asalariados
- Mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns
- Condutores asalariados de camiións
- Outras ocupacións elementais*
- Oficiais, operarios e artesáns doutros oficios non clasificados baixo outras epígrafes
- Axudantes de cociña
- Peóns da pesca
- Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes
- Pescadores de augas costeiras e augas doces

>> OCUPABILIDADE LABORAL ALTA:

- Peóns das industrias manufactureiras
- Peóns do transporte de mercadorías e descargadores
- Monitores de actividades recreativas e de entretemento
- Traballadores cualificados en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns
- Condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas
- Pintores e empapeladores

>> OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA:

- Vendedores en tendas e almacéns
- Pescadores de altura
- Recolletores de residuos
- Empregados domésticos



Nº Contratados 2018

- 0 - 1.103
- 1.104 - 2.477
- 2.478 - 4.625

Publicación de carácter anual con información referida aos grupos ocupacionais que representan unha maior ocupabilidade laboral.

* Acomodadores, aparcacochas, empregados de ganderroupa en locais públicos; porteiros de espectáculos.

ESTUDO DO MERCADO LABORAL


Información sobre a realidade sociolaboral galega.



Obxectivos da publicación

- Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da Comunidade autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- Mostrar a evolución temporal dos últimos cinco anos dos distintos parámetros seleccionados segundo a súa idoneidade en cada caso.

Evolución número de traballadores por sectores 2017



galicia



XUNTA
DE GALICIA